



Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra
Departamento Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Edificio Administrativo de Campolongo
Avda. Fernández Ladreda 43
36003 Pontevedra

En Pontevedra a 10 de xuño de 2015

A permanente da Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra esixe a gratuidade dos libros de texto.

A Permanente da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra:

- Rexeita as novas ordes que regulan o fondo solidario e as axudas para a adquisición de libros de texto e esixe a súa inmediata derogación, para dar paso a unha nova orde que restableza o sistema de préstamo gratuito universal.
- Reclama unha política eficaz no que a material escolar se refire, que recolla o dereito a un ensino de calidade en toda a etapa obrigatoria e que garanta o fornecemento universal e gratuito do material didáctico e escolar necesario para todo o alumnado galego.
- Apoia a recomendación formulada polas ANPAS ao profesorado e aos departamentos educativos dos centros de, na medida do posíbel e pensando na situación económica que afecta a moitísimas familias no país, non facer o cambio de libros de texto para o próximo curso 2015-2016 nos cursos de 4º e 6º de Primaria e 1º e 3º de Secundaria, respectivamente.

Asdo. Xabier Pérez Davila

Presidente da XPD - Pontevedra